


# C

Compostela  
Cultura  
Didáctica



PRO  
GRAMA  
DIDÁCTICO  
2022  
— 2023





# OS GOLFIÑOS E O XIGANTE

**FANTOCHES BAJ**

(TEATRO E MONICREQUES)

Na década pasada, Bao Si Shun foi considerado polo Récord Guinness o home máis alto do planeta pero a verdadeira sona chegaríalle o día que conseguiu extraer, grazas ao seu longuísimoo brazo, dúas boias de piscina do esófago dos golfinhos, salvándoos así dunha morte certa. A noticia, publicada en todos os xornais do mundo, chamaba a atención, non tanto por ter salvado os golfinhos, que tamén, senón porque amosaba dun xeito moi gráfico a necesidade de aceptar cada un de nós a súa diferenza e de ser aceptados como somos.

Baseada neste feito real ‘Os golfinhos e o xigante’ é unha fábula contada con sombras chinesas a modo de “road movie”.

**TEATRO PRINCIPAL**

**19 E 20 DE OUTUBRO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada:  
Infantil, 1º e 2º Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**

# CURVA ESPAÑA

## CHÉVERE

(TEATRO)

Curva España é un espectáculo de formato medio con catro persoas operando en escena (unha actriz, un actor e dúas operadoras de vídeo). Unha peza que ironiza sobre o xénero documental combinando teatro e cine en directo. Unha alegoría sobre España que se serve dun relato local que se foi transmitindo oralmente de xeración en xeración entre a xente da comarca de Verín (Ourense), para confrontar a realidade coa ficción, a historia coa lenda.

**GUIA DIDÁCTICA →**



**SALA ÁNGEL BRAGE.  
AUDITORIO DE GALICIA**

**7 E 8 DE NOVEMBRO**

**11.00 H**

Idade recomendada: ESO e  
Bacharelato  
Duración: 1 h 40 min  
Lingua: galego

**SALA ÁNGEL BRAGE.  
AUDITORIO DE GALICIA**

**10 E 11 DE NOVEMBRO**

**11.00 H**

Idade recomendada: ESO e  
Bacharelato  
Duración: 2 h  
Lingua: galego

# N.E.V.E.R.M.O.R.E.

## CHÉVERE

(TEATRO)

En palabras do director e dramaturgo do espectáculo, Xesús Ron, “N.E.V.E.R.M.O.R.E. pódese referir tanto a corvos que falan como a pobos que berran, pero a intención é a mesma: facer memoria. A idea é seguir usando procedementos documentais para crear ficcións a partir da nosa memoria colectiva. Neste caso dispoñémonos a comprobar se a historia do Prestige foi algo máis ca unha catástrofe ecolóxica, porque ao mellor é unha metáfora da hostia e haina que entender como un aviso do que estaba por chegar”.

“N.E.V.E.R.M.O.R.E. é unha forma de acudir á memoria colectiva dun deses pobos que se poden borrar do mapa sen que pase nada. Un pobo que, así e todo, en decembro de 2002 fixo seu o berro do corvo e non se deixou convencer polas mentiras daqueles que aseguraban que todo volvería ser coma antes. Contar esta historia -engade Ron, quen lembra que a asemblea fundacional da plataforma Burla Negra fora precisamente no Auditorio de Galicia- é tamén un conxuro para desfacer o feitizo que sigue rodeando a catástrofe do Prestige, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá da catástrofe, coma se non puidésemos habitar outro lugar que non sexa ese”.

**GUIA DIDÁCTICA →**



# SINFONÍA ROMARÍA

**BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**DAVID FIUZA, DIRECTOR**

(MÚSICA)

A música é o elemento central de confluencia entre dualidades como o folclore galego e o sinfonismo, ou a danza e o canto; a través da sonoridade da banda, preséntase un proxecto pedagóxico absolutamente práctico, cunha proposta de actividades na aula atractivas para o alumnado e contextualizadas no entorno e patrimonio cultural que nos rodea.

A Sinfonía Romaría contén unha escolma de 10 músicas moi coñecidas da cultura galega (“A saia da Carolina”, “O sancristán de Coimbra”, “Ven bailar Carmiña”, “Alalá das Mariñas”, “Os teus Ollos”, “O galopín”, “O rodaballo”, “Muiñeira de Chantada” e “Himno galego”), conxugando a canción do noso folclore con danza e poesía galega, e tratando de darlle unha nova vida actualizada ao enriquecedor patrimonio musical galego.

O proxecto da Sinfonía Romaría combina contidos didácticos do ámbito sinfónico da banda (formas e estruturas, organoloxía e instrumentación, narrativa e discurso musical) cos do espectro folclórico (canción, danza, instrumentos tradicionais galegos), e tamén viaxa horizontalmente polos ámbitos da literatura, da xeografía ou da historia.

**GUIA DIDÁCTICA →**



**SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA**

**17 E 18 DE XANEIRO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: 3º a 6º  
Primaria

**19 E 20 DE XANEIRO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: ESO e  
Bacharelato  
Duración: 50 min  
Lingua: galego



# XOGO DE ESPELLOS

Unha ollada a través da  
música electrónica

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

(MÚSICA)

Javier Otero, pianista e artista experimental, presenta o seu novo proxecto “Saraiba” para piano e electrónica xunto coa Real Filharmonía de Galicia. Unha aposta pola estética actual, con influencias da natureza e da vida cotiá. Abrir as fiestras para osixenarse e deixarse levar...

**SALA ÁNGEL BRAGE.  
AUDITORIO DE GALICIA**

**2 E 3 DE FEBREIRO**

**11.00 H**

Idade recomendada: ESO e  
Bacharelato  
Duración: 60 min  
Lingua: galego

# ILLAS DESERTAS

## ARTESA CIA

(TEATRO INTERACTIVO)

Illas desertas nace como resposta a un mundo competitivo que só sabe camiñar nunha única dirección: a de facernos produtivas. O espectáculo propón unha travesía cara a nada, ancorada na narrativa e na poesía audiovisual onde o público é parte activa da peza.

Illas Desertas é unha experiencia inútil, unha viaxe cara á nada, un canto ao fracaso, unha conquista do inútil, unha viaxe interior. É habitar, abrir, reencontrarse con eses territorios ignotos que nos habitan interiormente e que buscan saír á boia cando a vida nos sacude, cando nace ese baleiro que o material non pode encher. Por que non roubarlle tempo á morte con esta aventura?

A través do movemento, das voces en off, da realización de cinema en directo, da interpretación, do son, da poética dos obxectos, da construción de maquetas e do traballo con máscaras xéranse paisaxes escénicas cunha enorme carga poética, salpicados das experiencias e reflexións de dous aventureiros: a aviadora Amelia Earhart e o explorador Ernest Shackleton.

**GUIA DIDÁCTICA →**



PODES DESCARGALA AQUÍ:

Para unha óptima experiencia neste espectáculo vas precisar descargar a app **KALLIOPE** no teu móbil.

**TEATRO PRINCIPAL**

**7 DE FEBREIRO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: ESO e Bacharelato  
 Duración: 60 min  
 Língua: galego



# A CAZOLA DE LOLA

**TANXARINA**

(MONICREQUES)

**TEATRO PRINCIPAL**

**8 FEBREIRO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada:  
Infantil, 1º e 2º Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por que. Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo coma os demais. Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico.

A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes. E atópano raro... Ademais, o seu cazo complícalle a vida. Afortunadamente existen persoas maravillosas, só fai falta dar cunha delas.

**GUIA DIDÁCTICA →**



# MÚSICA E EVOLUCIÓN

**PABLO CARPINTEIRO ARIAS, PRESENTADOR E MÚSICA. ROSA SÁNCHEZ, CANTADORA E PERCUSIONISTA**

(MÚSICA TRADICIONAL)

Neste concerto didáctico empréganse 43 instrumentos musicais galegos diferentes usando un fío condutor que consiste en explorar o paralelismo entre a evolución da nosa especie e o desenvolvemento físico e musical dun neno e unha nena galegos. É un concerto que corresponde a nova disciplina da biomusicoloxía.

Explicamos como se desenvolvían as vidas musicais de nenos e de nenas dentro da nosa cultura tradicional e imos vendo como cada proceso ten unha base relacionada coa nosa evolución como especie e coa nosa bioloxía e psicoloxía. Tamén repasamos os comportamentos musicais dos adultos e exploramos a súa importancia para o mantemento das nosas sociedades. Explícanse as últimas teorías sobre á aparición e importancia da música na especie humana, como a da musilingua ou a influencia do desenvolvemento fetal e da selección sexual nos comportamentos musicais.

Expoñemos a nosa teoría da orixe infantil dos instrumentos musicais a través da comparación dos instrumentos que fabricaban e tocaban os nosos nenos/as e os achados nas escavacións paleolíticas. Tamén aprofundamos e recalcamos a enorme importancia das mulleres na música humana, na organización das nosas sociedades antes do patriarcado e na xeración de cohesión social a través da música que elas facían.

**GUIA DIDÁCTICA → FICHAS DIDÁCTICAS →**



**SALA ÁNGEL BRAGE.  
AUDITORIO DE GALICIA**

**23 DE FEBREIRO**

**10.00 E 12.00 H**

**24 DE FEBREIRO**

**10.00 H**

Idade recomendada: 3º  
a 6º Primaria

**24 DE FEBREIRO**

**12.00 H**

Idade recomendada:  
ESO e Bacharelato  
Duración: 60 min  
Língua: galego



**SALA ÁNGEL BRAGE.  
AUDITORIO DE GALICIA**

**2 E 3 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: 3º a 6º  
Primaria  
Duración: 60 min  
Lingua: galego

# MINI MOZART

## REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

(MÚSICA)

En colaboración co servizo educativo da Casa de Música de Oporto

Mini Mozart é un espectáculo para todas as idades, cunha linguaxe simple e humor inocente. É unha aventura dos nosos días cos ollos e oídos doutros tempos, onde as personaxes saen da música e viven nela cun entusiasmo contaxiante.

Orquestra, mestre e público son os elementos perfectos para tamaña festa, sendo que ao longo da viaxe todos os segredos serán desvelados!

Neste espectáculo o ambiente é para gozar da música de Mozart, con interacción entre os personaxes e o público, ben como entre os personaxes e a orquestra.

**GUIA DIDÁCTICA →**



# HUGO

## GUSTAVO DEL RÍO PRIETO

(TEATRO)

Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista. ‘Hugo’ fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes. ‘Hugo’ é un espectáculo con gran compoñente social que traballa a diversidade na infancia.

A peza ‘Hugo’ foi seleccionada entre máis de mil propostas para FETÉN, Feria internacional para la infancia y juventud que se organiza en Xixón e é unha das pezas recomendadas pola Rede de Teatros do País Vasco. ‘Hugo’ participou en programacións pola inclusión tanto en Galicia como no resto do territorio español.

**TEATRO PRINCIPAL**

**7 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: 3º a 6º  
Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**

# ÁS PARA ALEX

**TEATRO PRINCIPAL**

**8 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada:  
Infantil, 1º e 2º Primaria  
Duración: 45 min  
Lingua: galego

**BAOBAB TEATRO**

(TEATRO)

Álex é un neno coma calquera neno de 8 anos ao que lle encanta correr, xogar, quedar cos amigos e amigas, ir ao parque... A súa paixón é o fútbol. Pero un día Álex ten que deixalo todo, porque o seu corpo non responde, non camiña...e coma calquera neno, Álex enfádase, enfádase coa súa nai, coa súa irmá, co seu can e ata co fútbol.

Álex enfádase co mundo e asáltano moitas preguntas: por que a min? Por que non podo xogar? Por que, por que e por que?... Está tan enfadado que deixa de mirar ao seu arredor, ata que un día aparece Laura no seu camiño, e sen pedir permiso, pero con moito coidado e cariño, entra de cheo na súa vida para mudarlle a mirada.

**GUIA DIDÁCTICA →**





**SALA MOZART. AUDITORIO  
DE GALICIA**

**9 E 10 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada:  
Infantil, 1º e 2º Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

# BANDILANDIA

**BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**DAVID FIUZA, DIRECTOR**

(MÚSICA)

Dende unha perspectiva literaria, a través do formato narrativo dun conto, entramos no “mundo da banda”, onde a música protagoniza unha historia na que o argumento ten por obxectivo achegarnos ao mundo sonoro das agrupacións bandísticas. Facémolo dotando de vida aos instrumentos, a modo de personaxes, e de maneira pedagóxica imos ir coñecendo os seus trazos característicos, funcións e roles dentro da agrupación de vento e percusión.

O formato narrativo resulta ser un apoio moi eficiente para a comprensión dos contidos musicais, materializándose a interpretación literario-musical a través da escenificación da man da actriz Cristina Collazo. Intentamos cativar así ás rapazas e rapaces para conseguir facelos partícipes activos da música, como elemento central da actividade.

# A PARÁBOLA DO ANGAZO

## TALÍA TEATRO

(TEATRO)

Un espectáculo que quere aportar perspectiva e coñecemento sobre a cuestión lingüística. Unha mirada ao noso pasado, pensar cos pés chantados na terra e ter consciencia de onde vivimos. Unha montaxe áxil e versátil, onde o humor será unha parte fundamental da engrenaxe do espectáculo.

Partindo da coñecida lenda do angazo que xa recollía o Padre Sarmiento no século XVII, os protagonistas contarán historias da nosa lingua vinculándoas con anécdotas reais que suceden hoxe en día, enlazando episodios do noso pasado para explicar o que sucede no noso presente e demostrando que a lingua resistiu e resiste toda situación adversa.

Tamén cómpre resaltar que non só nos centraremos nas agresións que sofre a lingua. Tamén queremos falar das súas fortalezas, tanto no pasado coma no presente. Antes dos séculos escuros o galego, como é ben sabido, foi a ferramenta predilecta de poetas e trobadores ao longo de toda a península. O ton resultante é optimista.

Non buscamos convencer a galegofalantes do marabillosa que é a súa lingua, senón que pretendemos unha reflexión naquela xente que emprega o castelán sen darse conta do por que. Moita xente galega ten como lingua vehicular o castelán porque é a lingua na que medrou, na que lle falaban os seus pais. Pretendemos que, cando menos, sexa verdadeiramente consciente de que podería escoller o galego, de que esta lingua forma parte das súas raíces, e que está na súa man aportar novos gromos.

**GUIA DIDÁCTICA →**



**TEATRO PRINCIPAL**

**14 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: ESO e  
Bacharelato  
Duración: 60 min  
Lingua: galego



**TEATRO PRINCIPAL**

**15 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada: 3º a 6º  
Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

# ELA

## CARAMUXO TEATRO

(TEATRO E DANZA)

‘ELA’ é unha proposta de Caramuxo teatro para cativos a partir de 6 anos. ‘Ela’ crea un mundo fantástico a través das cores, a arte e o universo creativo da pintora Maruxa Mallo. unha mestura de poesía, humor, teatro e danza onde descubrir o imaxinario desta muller excepcional. Un poema plástico para aprender no teatro.

**GUIA DIDÁCTICA →**

# NINA NINETTE

## DETERMINADA COMPAÑÍA

( DANZA )

Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sinte a falta do seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e como todos os labirintos, é moi doado entrar pero ben complicado saír. Será que ela o consegue?

Nina Ninette é un conto iniciático que se inspira na estética do Ballet Triádico de Oskar Schlemmer - Bauhaus- do 1921 celebrando o centenario da súa estrea, para danzar unha historia de beleza e rebeldía.

**GUIA DIDÁCTICA →**



**SALA ÁNGEL BRAGE.  
AUDITORIO DE GALICIA**

**22 DE MARZO**

**10.00 E 12.00 H**

Idade recomendada:  
Infantil, 1º e 2º Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego



## CALENDARIO

### OS GOLFIÑOS E O XIGANTE

#### FANTOCHES BAJ

(TEATRO E MONICREQUES)

**19 E 20 DE OUTUBRO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada:

Infantil, 1º e 2º Primaria

### CURVA ESPAÑA

#### CHÉVERE

(TEATRO)

**7 E 8 DE NOVEMBRO**

11.00 h

Sala Ángel Brage.

Auditorio de Galicia

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

### N.E.V.E.R.M.O.R.E.

#### CHÉVERE

(TEATRO)

**10 E 11 DE NOVEMBRO**

11.00 h

Sala Ángel Brage.

Auditorio de Galicia

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

### SINFONÍA ROMARÍA

#### BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(MÚSICA)

David Fiuza, director

**17 E 18 DE XANEIRO**

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada: 3º

a 6º Primaria

**19 E 20 DE XANEIRO**

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

Sala Mozart. Auditorio  
de Galicia

### XOGO DE ESPELLOS.

Unha ollada a  
través da música  
electrónica.

#### REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

(MÚSICA)

**2 E 3 DE FEBREIRO**

11.00 h

Sala Ángel Brage.

Auditorio de Galicia

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

### ILLAS DESERTAS

#### ARTESA CIA

(TEATRO INTERACTIVO)

**7 DE FEBREIRO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

### A CAZOLA DE LOLA

#### TANXARINA

(MONICREQUES)

**8 FEBREIRO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada:

Infantil, 1º e 2º Primaria

### MÚSICA E EVOLUCIÓN

(MÚSICA TRADICIONAL)

#### PABLO CARPINTEIRO

#### ARIAS, PRESENTADOR E MÚSICO

#### ROSA SÁNCHEZ,

#### CANTADORA E

#### PERCUSIONISTA

**23 DE FEBREIRO**

10.00 e 12.00 h

**24 DE FEBREIRO**

10.00 h

Idade recomendada: 3º

a 6º Primaria

**24 DE FEBREIRO**

12.00 h

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

Sala Ángel Brage.

Auditorio de Galicia

### MINI MOZART

#### REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

(MÚSICA)

**2 E 3 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Sala Ángel Brage.

Auditorio de Galicia

Idade recomendada: 3º

a 6º Primaria

### HUGO

#### GUSTAVO DEL RÍO

#### PRIETO

(TEATRO)

**7 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada: 3º

a 6º Primaria

### ÁS PARA ALEX

#### BAOBAB TEATRO

(TEATRO)

**8 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada:

Infantil, 1º e 2º Primaria

### BANDILANDIA

#### BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(MÚSICA)

David Fiuza, director

Cristina Collazo,

narradora

**9 E 10 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Sala Mozart. Auditorio

de Galicia

Idade recomendada:

Infantil, 1º e 2º Primaria

### A PARÁBOLA DO ANGAZO

#### TALÍA TEATRO

(TEATRO)

**14 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada:

ESO e Bacharelato

### ELA

#### CARAMUXO TEATRO

(TEATRO E DANZA)

**15 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada: 3º

a 6º Primaria

### NINA NINETTE

#### PAULA QUINTAS SANTOS

(DANZA)

**22 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Sala Ángel Brage.

Auditorio de Galicia

Idade recomendada:

Infantil, 1º e 2º Primaria

## PROCEDIMENTO DE RESERVA EN LIÑA

En setembro enviaremos por correo electrónico o formulario para cubrir a solicitude aos centros de ensino.

## DATAS DE ENVÍO DAS SOLICITUDES

- Centros de ensino de Santiago de Compostela: dende o martes, 20 de setembro ás 8:30 h
- Centros de ensino do resto de Galicia: dende o mércores, 21 de setembro ás 8:30 h

 [COMPOSTELACULTURA →](#)

 [CCULTURA →](#)

 [COMPOSTELACULTURA →](#)

 [COMPOSTELACULTURATV →](#)

 [COMPOSTELACULTURA.GAL →](#)



**Compostela  
Cultura  
Didáctica**